

## A MDT (Máquina de tolos)

Despois do lanzamentos das bombas nucleares de 2154, naceu unha civilización de coñecementos infinitos. Vivían nun territorio dun tamaño aproximado de Galicia, rodeados por unha burbulla imantada que os illaba do exterior. Fóra desa zona, a esperanza de vida era corenta anos, pois a Terra estaba moi contaminada. Pola contra, dentro da burbulla a vida é infinita, grazas ós avances en medicina e ós trasplantes de órganos que os seus habitantes lograron. Para ter dereito a entrar, hai que demostrar intelixencia e ganas de saber, pois, ademais de probas físicas, deberás superar un exame de coñecemento global no que, como mínimo, has de obter un nove. O problema é que fóra xa non hai escolas nin profesores...

O meu nome é Bombah-c5, aínda que me podedes chamar c5. Vouvos contar como fun capaz de entrar na burbulla dos sabios.

Eu era un neno normal. Xogaba todo o día, andaba ós paxaros, xogaba ó fútbol, en fin, vivíamos todos un tanto “salvaxes”, pois sabíamos que en calquera momento podíamos enfermarse e morrer. Un día ocorrémese ir á MDT (Máquina de Tolos). Descubrí que colocando a man nun burato, a MDT dáme un libro e que na derradeira páxina había un exame que podías facer. O libro explicaba todo con hologramas, cousa que me fascinou, e recargábase con luz solar. En principio era pequeniño, feito dun material parecido á goma de mascar, pero canto máis o tocabas máis grande se facía. Na Terra xa ninguén sabía o que era un libro, e pensábase que se chamaba así porque era de uso “libre”.

Fixen con bastante facilidade o primeiro exame (eran unas preguntas sinxelas de comprensión) e devolvín o libro ó seu sitio. Descubrí que a máquina rexistrara os datos da miña man e que, pousándoa no mesmo sitio, reoñecíame. Inmediatamente a máquina lanzoume outro libro. ¡Case boto a correr do susto! Este costume máis tempo entendelo, porque tiven que observar moitas cousas ao meu redor para responder e necesitei máis tempo (as fases da lúa, a densidade da materia, os números...) mais tamén o conseguín. Entre a miña xente xa me consideraban raro e empecei a esconderme para facer o que o libro me propoñía. Cada vez que aprobaba un exame debía quedar rexistrado, porque sempre me devolvían un de nivel superior. Comecei a sufrir o acoso dos outros rapaces e dunha vez guináronme co libro nunha poza de barro. Busquei sen éxito, ata que se me ocorreu poner en práctica algo que aprendín

cun holograma do libro: os vasos comunicantes. Metín o extremo dunha manguera na poza e chupei polo outro lado ata que conseguín que saíse auga, e así fun baldeirando a poza o suficiente para atopar o libro que, grazas ó tipo de material do que estaba feito, non estaba avariado.

Empecei co terceiro libro. Íame ben, pero para lelo e que non mo quitasen tiña que ser rápido e buscar sitios onde agocharme. Tardei dous anos en aprobar o exame do final. Unha vez co cuarto no meu poder, pensei que tardaría aínda máis, pero como aprendía cousas moi interesantes, das que nunca ninguén oira falar, estaba desexando chegar ó final. Co quinto ocorreume o mesmo; cando o estaba devolvendo, unha voz ronca que procedía da MDT díxome “Pasa, que ben o mereces”, e a burbulla desimantouse o tempo xusto para que eu entrase. Non o pensei dúas veces.

Premiaran o meu esforzó adiantándome de nivel...!!

Xa pasaron moitos anos desde aquela. Aínda hoxe estoy seguro de que foi a opción correcta, o coñecemento custa esforzó, pero tamén nos libera.